



# + APRENDER

## ESCOLA DE VERÁN DA OMIC

Aberta a preinscrición do 22 ao 24 de maio



Máis información en [coruna.gal](http://coruna.gal)

# CAMPAMENTOS MUNICIPAIS

## INFORMACIÓN ACTIVIDADES ESCOLA DE VERÁN DA OMIC 2023

### PERSOAS DESTINATARIAS

Menores nados do 1/1/2013 ao 31/12/2019  
\*Existen prazas para nenas e nenos con necesidades educativas especiais.

### CALENDARIO

**Preinscrición:** 22, 23 e 24 de maio na web [coruna.gal/campamentos2023](http://coruna.gal/campamentos2023)

**Publicación de listaxes de menores preinscritas/os:** 29 de maio.

**Reclamacións:** 30 e 31 de maio.

**Sorteo das prazas:** 1 de xuño.

**Publicación de listaxes de admitidas/os:** 6 de xuño.

**Inscrición:** Do 7 ao 9 de xuño a través da Sede Electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gob.es/>) ou remitindo a folla de inscrición definitiva ao correo [omic@coruna.es](mailto:omic@coruna.es)

### QUENDAS

**1ª Quenda.** Do 3 ao 14 de xullo. Consumo e novas tecnoloxías.

Facilitar ferramentas que garantan a adopción de bos hábitos de seguridade, facendo usuarias e usuarios conscientes da súa propia responsabilidade en relación co uso das novas tecnoloxías.

**2ª Quenda.** Do 17 ao 31 de xullo. Consumo e alimentación saudable.

Coñecer a importancia da compra de proximidade para manter una alimentación sa e equilibrada. Sensibilizar na creación de hábitos de alimentación positivos e saudables fomentando o comercio de proximidade.

### HORARIO

O horario das actividades será de luns a venres de 09:00 a 14:00 horas, pero por motivos de conciliación os nenos e as nenas poderán acceder ás instalacións a partir das 08:15 horas e permanecer ata as 14:45 horas. Rogamos máxima puntualidade dentro de estos horarios.

### ESPAZOS DE REALIZACIÓN

Centro Municipal de Emprego. (Carretera dos Fortes ao Monte de San Pedro, 16)

### Nº PRAZAS

80

### COTA DE INSCRICIÓN

Gratuita.  
Os asistentes ás actividades recibirán cada día unha merenda infantil saudable.

### ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN, OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento dunha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

**+INFORMACIÓN E INSCRICIÓN EN:  
[CORUNA.GAL/OMIC](http://CORUNA.GAL/OMIC)**

